

BANDO

D. JOSÉ LUIS LÓPEZ LÓPEZ, ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE O PÁRAMO (LUGO)

FAI SABER

Que o Concello do Páramo asinou un Convenio coa Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE) para adherirse ao pago dunha tarifa simplificada para facer fronte ás actuacións suxeitas a dereitos de autor.

Esta tarifa inclúe as modalidades do uso do repertorio máis frecuente nas actividades festivas ou culturais de carácter gratuito, excluindo as representacións dramáticas e as actuacións con pago en taquilla.

O pago de esta tarifa será por conta do Concello e incluírá as actuacións que se celebren nas parroquias do Concello sempre e cando a comisión de festas ou asociación, o vir solicitar o permiso o Concello, indique o nome das orquestras, grupos ou o tipo de actuación que se levará a cabo e o día que se celebrará. Se non se indican estes datos as actuacións non entrarían dentro deste Convenio e a SGAE podería reclamarlle a propia Comisión ou asociación o pago correspondente.

Esta información será remitida polo Concello á SGAE para que así eles coñezan as actuacións que van incluídas dentro deste Convenio.

O Páramo, a 25 de xaneiro de 2023.

O Alcalde

Asdo: José Luis López López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

